

Estatutos da Asociación Verdegaia

ÍNDICE

TÍTULO PRELIMINAR

- Artigo 1. Denominación
- Artigo 2. Definición
- Artigo 3. Regulación
- Artigo 4. Lingua
- Artigo 5. Fins
- Artigo 6. Actividades
- Artigo 7. Colaboración con outras entidades e organismos
- Artigo 8. Duración
- Artigo 9. Enderezo social
- Artigo 10. Enderezos comarcais
- Artigo 11. Ámbito xeográfico
- Artigo 12. Prohibición da utilización para beneficio propio
- Artigo 13. Estrutura da asociación

TÍTULO I. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

- Artigo 14. O/a coordinador/a xeral
- Artigo 15. O/a vicecoordinador/a xeral
- Artigo 16. A secretaría xeral
- Artigo 17. A vicesecretaría xeral
- Artigo 18. A tesouraría
- Artigo 19. Extensión de funcións aos cargos dos núcleos comarcais
- Artigo 20. Os responsábeis de áreas de traballo temáticas

TÍTULO II. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

CAPITULO I: DA ASEMBLEA XERAL E DAS ASEMBLEAS COMARCAIS

- Artigo 21. As asembleas xeral e comarcais
- Artigo 22. Convocatoria de asembleas ordinarias
- Artigo 23. Convocatoria de asembleas extraordinarias
- Artigo 24. Forma de facer as convocatorias
- Artigo 25. Constitución válida das reunións
- Artigo 26. Votacións e réxime de maiorías
- Artigo 27. O carácter persoal e intransferíbel do voto

CAPITULO II: DA COMISIÓN COORDINADORA XERAL E DAS COMISIÓN COORDINADORAS COMARCAIS

- Artigo 28. Composición das comisións coordinadoras
- Artigo 29. Reunións e toma de acordos
- Artigo 30. Facultades da comisión coordinadora xeral
- Artigo 31. Facultades das comisións coordinadoras comarcais

CAPITULO III: DA COMISIÓN PERMANENTE

- Artigo 32. Composición
- Artigo 33. Funcións

CAPITULO IV: DO ACCESO AOS CARGOS E DO CESAMENTO NELES

- Artigo 34. Elección dos cargos unipersoais
- Artigo 35. Requirimentos para o acceso aos cargos
- Artigo 36. Incompatibilidades
- Artigo 37. Presentación de candidaturas
- Artigo 38. Adquisición da condición de elector
- Artigo 39. Suplencia dos cargos unipersoais
- Artigo 40. Gratuidade dos cargos
- Artigo 41. Remoción dos cargos unipersoais
- Artigo 42. Renovación obrigatoria dos cargos

- Artigo 43. As mocións de censura
- Artigo 44. As cuestións de confianza
- Artigo 45. Disposicións comúns ás mocións de censura e ás cuestións de confianza

TÍTULO III: DA ESTRUCTURA DA ASOCIACIÓN

CAPÍTULO I: DOS NÚCLEOS COMARCAIS

- Artigo 46. Requirimentos e iniciativa para constituír un núcleo comarcal
- Artigo 47. Ámbito xeográfico
- Artigo 48. Adscrición de socios/as
- Artigo 49. Asemblea constitutiva
- Artigo 50. Acta de constitución e comunicación
- Artigo 51. Normas xerais de funcionamento
- Artigo 52. Recursos económicos
- Artigo 53. Disolución
- Artigo 54. Obrigas derivadas da disolución
- Artigo 55. Resolución de problemas de funcionamento de ou entre núcleos

CAPÍTULO II. DOS NÚCLEOS LOCAIS

- Artigo 56. Constitución, funcións e responsábeis dos núcleos locais

CAPÍTULO III. DOS/AS REPRESENTANTES LOCAIS

- Artigo 57. Nomeamento, competencias

TÍTULO IV: DOS/AS ASOCIADOS/AS

CAPÍTULO I. DA ALTA

- Artigo 58. Requirimentos e solicitude
- Artigo 59. Aprobación e ratificación

CAPÍTULO II. DOS SEUS DEREITOS E DEBERES

- Artigo 60. Dereitos dos/as asociados/as
- Artigo 61. Dereito de información
- Artigo 62. Dereito de participación
- Artigo 63. Dereito de elección e elixibilidade
- Artigo 64. Dereitos de impugnación de acordos e de denuncia de incumprimento de

Estatutos

- Artigo 65. Deberes dos/as socios/as

CAPÍTULO III. DA BAIXA

- Artigo 66. Baixa voluntaria
- Artigo 67. Baixa por expediente sancionador
- Artigo 68. Baixa por impagamento de cotas

TÍTULO V: DA COMISIÓN DE GARANTÍAS

- Artigo 69. Funcións
- Artigo 70. Elección, incompatibilidades, duración

TÍTULO VI: DO PATRIMONIO SOCIAL E RECURSOS ECONÓMICOS

- Artigo 71. Patrimonio
- Artigo 72. Orixe dos ingresos
- Artigo 73. Limitación aos ingresos procedentes de doazóns
- Artigo 74. Orzamento
- Artigo 75. Titulares das contas xeral e comarcais
- Artigo 76. Prohibición de distribución de beneficios

TÍTULO VII: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

- Artigo 77. Contido e elaboración

TÍTULO VIII: DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

- Artigo 78. Procedemento de modificación

TÍTULO IX: DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN
Artigo 79. Procedemento de disolución
Artigo 80. Liquidación de contas
Artigo 81. Transferencia de fondos

DISPOSICIÓN ADICIONAIS
Primeira
Segunda

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Denominación

Ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, constitúese a presente asociación denominada Verdegaia . A súa sigla é Verdegaia.

Artigo 2. Definición

Verdegaia é unha asociación ecoloxista galega sen fin de lucro, non governamental, democrática, apartidaria, independente, asemblearia, transparente e con funcionamento plural; constituída co obxecto de contribuír desde Galiza para a defensa do ambiente e para avanzar na transformación social e mundial en termos de sustentabilidade ecolóxica, xustiza social e paz, na procura dunha saída emancipatoria á crise ecolóxica global, mediante a investigación, a sensibilización social, o deseño e implementación de proxectos, a presión sobre gobernos e empresas e a acción non-violenta.

Artigo 3. Regulación

Verdegaia rexerese por estes Estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicábel.

Artigo 4. Lingua

O galego é a lingua oficial da asociación. Todos os seus escritos serán en lingua galega con liberdade normativa¹, e todos/as os/as socios/as que falen ou actúen en representación da asociación utilizarán a lingua galega no ámbito territorial no que esta é propia.

Artigo 5. Fins

A Verdegaia áchase facultada para levar a cabo toda clase de actividades e/ou accións xurídicas que teñan relación cos seus fins, que serán os seguintes:

- a) Protexer e defender o medio ambiente, en particular a fauna, a flora, a xea e as paraxes de interese natural.
- b) Fomentar o desenvolvemento e difusión do ecoloxismo e da educación ambiental para a paz e o desenvolvemento.
- c) Promover formas sustentábeis de desenvolvemento e traballar por unha transformación global da sociedade e das súas relacións económicas e sociais.
- d) Potenciar o desenvolvemento dos valores non violentos e fomentar a cultura da paz, a defensa da xustiza social, a solidariedade e o respecto aos pobos e ás diferentes culturas.
- e) Potenciar a identidade e a cultura galega, mediante o compromiso cos nosos valores culturais e lingüísticos.

¹ A I Asemblea Xeral de Verdegaia acordou que este artigo debe ser interpretado tendo en conta a argumentación sobre a que se baseou a súa aprobación na Asemblea Constituínte. Así, existindo liberdade normativa, a CCXeral poderá establecer o uso dunha única norma ortográfica nos documentos oficiais.

Artigo 6. Actividades

A asociación cumprirá os seus fins cos seguintes medios:

- a) Promovendo publicacións e realizando informes, estudos, conferencias e calquera outra actividade análoga sobre temas relacionados cos fins da asociación.
- b) Realizando cantos actos xurídicos fosen necesarios para a consecución dos seus fin sociais, en particular accións legais encamiñadas a previr e evitar a degradación ou a destrución do ambiente.
- c) Desenvolvendo programas e actividades de concienciación, restauración ambiental e educación co obxecto de que a sociedade adopte actitudes responsábeis ao respecto dos fins da asociación.
- d) Realizando labores de seguimento e vixilancia das actuacións públicas e privadas para que o patrimonio natural galego se xestione de forma sustentábel e garantir, deste xeito, a súa conservación.
- e) Promovendo a creación de seccións xuvenís dentro da asociación.
- f) Auditando responsabelmente a nosa pegada ecolóxica, emprendendo campañas contra administracións e empresas do país que incidan negativamente no medio ambiente en calquera parte do mundo, solidarizándose coas súas respectivas comunidades a través do contacto e da acción tanto neste país como no propio.
- g) Organizando actividades lúdicas e deportivas relacionadas cos fins da asociación.
- h) Desenvolvendo calquera outro tipo de actuacións non violentas de acordo cos seus fins.

Artigo 7. Colaboración con outras entidades e organismos

Na medida das súas posibilidades, Verdegaia poderá colaborar ou participar en actividades doutras entidades e organismos públicos ou privados de ámbito galego, estatal ou internacional sempre e cando esta colaboración non contradiga os fins e ideario da asociación.

Artigo 8. Duración

A asociación constitúese con carácter indefinido. Unicamente se poderá disolver conforme o establecido no Título IX destes Estatutos e no resto da lexislación vixente.

Artigo 9. Enderezo social

O enderezo social da asociación é, en Santiago de Compostela, a Rúa Xosé Chao Rego, 22.

Artigo 10. Enderezos comarcais

Os enderezos dos núcleos comarcais de Verdegaia que se constitúan de acordo co Título III destes Estatutos consideraranse como outros locais da asociación.

Artigo 11. Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico de Verdegaia comprende todo o territorio galego.

Artigo 12. Prohibición da utilización para beneficio propio

Ningún/ha socio/a de Verdegaia poderá utilizar a asociación, os seus bens ou as súas actividades para beneficio propio.

Artigo 13. Estrutura da asociación

A asociación contará cunha estrutura a nivel galego integrada pola asemblea xeral de socios/as, a comisión coordinadora xeral e a comisión permanente que se regulan no Título II; e os órganos unipersoais que se describen no Título I.

Así mesmo contará cunha estrutura territorial constituída polos núcleos comarcais, os núcleos locais e mais os representantes locais, que se describen no Título III.

TÍTULO I. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

Artigo 14. O/a coordinador/a xeral

Correspóndelle ao/á coordinador/a xeral:

- a) Presidir e moderar as reunións da asemblea xeral, da comisión coordinadora xeral e da comisión permanente.
- b) Facer un seguimento xeral do traballo da asociación e velar polo cumprimento dos acordos da asemblea xeral, da comisión coordinadora xeral e da comisión permanente, así como do disposto nestes Estatutos e no regulamento de réxime interno.
- c) Exercer como voceiro e representante principal da asociación.

Artigo 15. O/a vicecoordinador/a xeral

O/a coordinador/a xeral será substituído/a polo/a vicecoordinador/a xeral no exercicio do seu cargo nos casos de demisión, renuncia, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que supoña a súa vacante.

Tamén poderá asumir de forma permanente determinadas tarefas do/a coordinador/a xeral, se así o acordase a asemblea xeral.

Artigo 16. A secretaría xeral

Correspóndelle á secretaría xeral:

- a) Dar conta nas asembleas xerais, na comisión coordinadora xeral e na comisión permanente de todos os temas a tratar nas xuntanzas, comezando pola lectura da acta da reunión anterior para a súa aprobación.
- b) Levantar actas e expedir certificacións de actas e de acordos tomados polos órganos de goberno e representación da asociación, co visto e praxe do/a coordinador/a xeral.
- c) Estender comunicacións e convocatorias da asemblea xeral, da comisión coordinadora xeral e da comisión permanente
- d) Xestionar toda a documentación relacionada coa asemblea xeral, coa comisión coordinadora xeral e coa comisión permanente.
- e) Atender a xestión administrativa da asociación.
- f) Exercer como un dos voceiros e representantes principais da asociación.

Artigo 17. A vicesecretaría xeral

Substituirá o/a secretario/a xeral en caso de demisión, renuncia, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que supoña a súa vacante.

Tamén poderá asumir de forma permanente determinadas tarefas do/a secretario/a xeral, se así for acordado pola asemblea xeral.

Artigo 18. A tesouraría

Correspóndelle á tesouraría:

- a) Recibir todas as cantidades que por calquera concepto pertencen aos fondos da asociación, e efectuar os pagamentos correspondentes.
- b) Levar un libro de caixa onde sentará os libramentos que expida visados polo/a

coordinador/a xeral. Sen este requirimento será responsábel do que pague.

c) Presentar con periodicidade ou a pedimento da comisión coordinadora xeral un estado dos ingresos e gastos, ademais da situación actual, que figurará na memoria para a súa aprobación. d) Asinar os comprobantes de cota dos/as asociados/as.

e) Procurar financiamento para as campañas da asociación.

Artigo 19. Extensión de funcións aos cargos dos núcleos comarcais

O establecido nos artigos anteriores sobre as funcións do/a coordinador/a xeral, o/a vicecoordinador/a xeral, a secretaría xeral, a vicesecretaría xeral e a tesouraría éelles aplicábel aos cargos homólogos dos núcleos comarcais dentro do ámbito territorial e competencial que lles é propio.

Artigo 20. Os responsábeis de áreas de traballo temáticas

Os responsábeis de áreas de traballo temáticas coordinarán o traballo da asociación nas súas respectivas áreas, sempre no marco do acordado pola asemblea xeral e a comisión coordinadora xeral.

TÍTULO II. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

CAPITULO I: DA ASEMBLEA XERAL E DAS ASEMBLEAS COMARCAIS

Artigo 21. As asembleas xeral e comarcais

A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todos/as os/as socios/as. Ten facultades decisorias en asuntos de transcendencia social e económica ou naqueles que pola súa importancia merezan ser tratados en asemblea xeral.

As asembleas comarcais, integradas unicamente polos/as socios/as de cada núcleo comarcal, só teñen facultades decisorias para asuntos que afecten exclusivamente o núcleo comarcal que representan; con todo, estarán subordinadas á asemblea xeral.

Tanto a asemblea xeral como as comarcais estruturarán, determinarán e porán en funcionamento as áreas ou comisións de traballo que consideren necesarias.

Artigo 22. Convocatoria de asembleas ordinarias

Dentro do primeiro trimestre de cada ano, a comisión coordinadora xeral deberá convocar unha asemblea xeral ordinaria onde se tratará, para o seu debate e aprobación, se proceder, a acta da asemblea anterior, a memoria do traballo desenvolvido ao longo do ano, o informe de organización e as contas. Ademais debaterase o plan de traballo, o de comunicación e o orzamento para o novo exercicio.

As asembleas comarcais ordinarias tamén se convocarán dentro do primeiro trimestre de cada ano, para as que se esixirán os mesmos requirimentos ca para a asemblea xeral ordinaria.

Artigo 23. Convocatoria de asembleas extraordinarias

Celebraranse asembleas extraordinarias con carácter xeral ou comarcal:

- a) Cando por razóns xustificadas o coide procedente a comisión coordinadora.
- b) Cando o soliciten por escrito un mínimo do 15% dos/as asociados/as, xustificando o obxecto da convocatoria extraordinaria; neste caso a asemblea celebrarase nun máximo de 60 días a partir da presentación da solicitude.
- c) Cando, de acordo co establecido nestes Estatutos, deba procederse á renovación de toda a comisión coordinadora ou da comisión permanente; neste caso a convocatoria levarase a cabo no prazo de 60 días dende que se produza este feito, agás o establecido no artigo 43 ao respecto a moción de censura.

Artigo 24. Forma de facer as convocatorias

Todas as asembleas, ordinarias ou extraordinarias, convocaranse por escrito cun mínimo de quince (15) días de antelación, facendo constar o día, a hora, o lugar e a orde do día.

Artigo 25. Constitución válida das reunións

En primeira convocatoria, as asembleas consideranse validamente constituídas coa asistencia de máis da metade dos/as socios/as. En segunda convocatoria, media hora despois, celebrarase co número de asociados/as asistentes que sexa.

Artigo 26. Votacións e réxime de maiorías

As votacións poderán ser públicas ou secretas cando o solicite algún/algunha dos/as participantes con dereito a voto.

Os acordos adoptaranse, agás nos casos en se exixa unha maioría diferente, por maioría simple de votos. En concreto, alén doutros supostos que se poidan establecer, os acordos relativos á disposición ou alleamento de bens e remuneración dos/as membros/as do órgano de representación requirirán maioría cualificada, que resultará cando os votos afirmativos representen os dous terzos (2/3) do total dos/as participantes con dereito a voto.

Artigo 27. O carácter persoal e intransferíbel do voto

O dereito a voto é persoal e intransferíbel e os/as socios/as deben votar en persoa.

CAPITULO II: DA COMISIÓN COORDINADORA XERAL E DAS COMISIÓNS COORDINADORAS COMARCAIS

Artigo 28. Composición das comisións coordinadoras

A comisión coordinadora xeral estará integrada polos seguintes cargos: coordinador/a xeral, vicecoordinador/a xeral, secretario/a xeral, vicesecretario/a xeral, tesoureiro/a xeral, todos/as os/as coordinadores/as comarcais ou persoa en quen delegue e todos/as os/as responsábeis de áreas de traballo. As comisións coordinadoras comarcais poderanse formar cubrindo só os cargos de coordinador/a, secretario/a e tesoureiro/a.

Ás súas xuntanzas poderá asistir calquera socio/a con voz pero sen voto.

Artigo 29. Reunións e toma de acordos

A comisión coordinadora reunirse cando o considere o/a coordinador/a xunto coa secretaría ou o soliciten outros tres membros.

Para a adopción válida de acordos deberán estar presentes máis dun terzo (1/3) dos/as integrantes. As decisións tomaranse por maioría dos/as presentes na xuntanza.

Artigo 30. Facultades da comisión coordinadora xeral

Con carácter xeral, son facultades da Comisión coordinadora xeral:

- a) Convocar as asembleas xerais ordinarias e extraordinarias e executar os seus acordos.
- b) Presentar na asemblea xeral ordinaria anual, para o seu debate e aprobación, se proceder, os informes de actividades, de organización e económico do ano anterior e os plans de traballo e de comunicación e o orzamento anuais.
- c) Establecer os posicionamentos temáticos en asuntos de ámbito galego, no marco do establecido pola asemblea xeral.
- d) Realizar contratos de adquisición de bens e servizos, así como dispor dos fondos dispostos na conta corrente xeral. Atender as obrigas fiscais da asociación.
- e) Presentar as solicitudes a convocatorias de subvención e axudas de ámbito provincial e supraprovincial.
- f) Asinar convenios e acordos que superen o ámbito comarcal e supervisar e aprobar previamente os de ámbito comarcal.

- g) Exercer a representación da asociación perante órganos de ámbito supracomarcal das administracións ou de entidades socioeconómicas.
- h) Empezar accións legais.
- i) Xestionar a base de datos de socios/as e o pagamento das cotas de pertenza á asociación.
- l) Proceder á incoación de expediente por incumprimento dos presentes Estatutos, sen prexuízo das competencias da asemblea xeral ao respecto en caso de reclamación.
- m) Resolver sobre a remoción dos seus cargos, sen prexuízo das competencias da asemblea xeral ao respecto en caso de reclamación.
- n) Promover a constitución de núcleos comarcais.
- ñ) Empezar e coordinar campañas e actividades para a defensa dos fins de Verdegaiá.

Artigo 31. Facultades das comisións coordinadoras comarcais

Con carácter xeral, son funcións das comisións coordinadoras comarcais:

- a) Convocar as asembleas comarcais ordinarias e extraordinarias e executar os acordos das mesmas.
- b) Presentar na asemblea comarcal ordinaria anual, para o seu debate e aprobación, se proceder, os informes de actividades, de organización e económico do ano anterior e o plan de traballo e o orzamento anuais.
- c) Desenvolver e coordinar a nivel comarcal as campañas e actividades acordadas pola asemblea xeral e a comisión coordinadora xeral.
- d) Estabelecer os posicionamentos temáticos en asuntos do ámbito comarcal, no marco do establecido polas asembleas xeral e comarcal.
- e) Presentar as solicitudes a convocatorias de subvencións e axudas de ámbito local ou comarcal.
- f) Sinatura de convenios, acordos, etc de ámbito local e comarcal
- g) Exercer a representación da asociación perante órganos de ámbito local ou comarcal das administracións ou de entidades socioeconómicas. No caso de órganos supracarcais realizárase coordinadamente coa comisión xestora xeral.
- h) Resolver sobre a remoción dos cargos do propio órgano.
- i) Velar polo correcto cumprimento dos presentes estatutos da Verdegaiá por parte dos núcleos comarcais e/ou representantes locais.

CAPITULO III: DA COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 32. Composición

A Comisión Permanente estará formada polo/a coordinador/a xeral, o vicecoordinador/a xeral, a secretaría xeral, a vicesecretaría xeral e a tesouraría.

Artigo 33. Funcións

A comisión permanente ocuparase da xestión diaria da asociación e da aplicación dos acordos da comisión coordinadora xeral e da asemblea xeral.

CAPÍTULO IV: DO ACCESO AOS CARGOS E DO CESAMENTO NELES

Artigo 34. Elección dos cargos

Os cargos elixíbeis das comisións coordinadoras e permanente elixiranse en asemblea ordinaria cada dous (2) anos, ou en asemblea extraordinaria cando proceda segundo estes Estatutos. Tentarase que haxa paridade de membros de cada xénero.

Artigo 35. Requirimentos para o acceso aos cargos

Será requirimento imprescindíbel para a ostentar calquera cargo na asociación:

- a) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- b) Ser membro da asociación e terse dado de alta como socio/a con anterioridade á data de convocatoria da asemblea correspondente,
- c) Non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos nin ostentar cargos representativos nin públicos en organizacións políticas, empresariais, sindicais, administración pública ou calquera outra que poida poñer en entredito a independencia da asociación.

Artigo 36. Incompatibilidades

Consonte o establecido no artigo 2 dos presentes Estatutos, o exercicio de calquera cargo na Verdegaia será incompatíbel con:

- a) Cargos de responsabilidade nas administracións públicas (con categoría de xefe/a de sección ou superior).
- b) No caso de relacións laborais non recollidas neste artigo e que poidan incorrer en situacións que supoñan colisión cos fins da asociación, a comisión coordinadora xeral avaliará as posíbeis incompatibilidades.
- c) Cargos de responsabilidade en partidos políticos, sindicatos, forzas e corpos de seguridade (tanto civís como militares) ou en igrexas, confesións ou comunidades relixiosas de diversa índole.
- d) A presentación como candidato/a en convocatorias electorais. Se a persoa non for elixida, non poderá exercer cargos até transcorrido polo menos un ano desde a data das eleccións. Se for elixida, non poderá exercer cargos na asociación até transcorrido polo menos un ano desde a data do abandono do cargo político.
- e) Cargos de responsabilidade noutras asociacións ambientalistas, agás que sexan organizacións onde estea integrada a asociación.

No caso de que nunha reunión da comisión permanente ou da comisión coordinadora xeral se abordase un asunto que xere conflitos de interese persoais a algún/ha dos/as seus integrantes, este/s retirara(n)se temporalmente da reunión, e absterá(n)se de participar no debate e/ou votación.

Artigo 37. Presentación de candidaturas

O/a/s candidato/a/s debера(n)lle remitir por escrito á comisión coordinadora toda a documentación que constitúa a candidatura (identidade dos/as candidatos/as, cargo/s ao/s que opta/n, breve exposición do seu programa electoral). Este será o órgano encargado de lle dar axeitada difusión polos medios que considere oportunos, e en todo caso, por correo ordinario.

Artigo 38. Adquisición da condición de elector

Poderán participar na elección de cargos, con voz e con voto, aqueles socios/as que se deseen de alta con anterioridade á data de convocatoria da asemblea correspondente. Os/as que se dean de alta con posterioridade poderán participar pero sen dereito de voto.

Artigo 39. Suplencia dos cargos unipersoais

A suplencia dos diferentes cargos unipersoais nos casos de demisión, renuncia, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa que supoña a súa vacante, ata a reincorporación do titular do cargo ou, se non for posíbel, ata esgotar o prazo para o que foi elixido, levarase ao cabo segundo o establecido nestes Estatutos. Cando nada se dispoña ao respecto, o réxime de substitucións determinarao o órgano colexiado ao que pertencen.

Artigo 40. Gratuidade dos cargos

O traballo desenvolvido por calquera dos cargos da Comisión coordinadora, tanto na xeral como nas comarcais, fica exento de remuneración económica, salvo o disposto no artigo 26.

Artigo 41. Remoción individual dos cargos unipersoais

Os distintos cargos poderán ser sometidos a remoción individual:

- a) Por actuacións que produzan un prexuízo á asociación, á súa imaxe ou a calquera dos/as socios/as. Se fose grave procederá tramitar o expediente sancionador regulamentado no artigo 65.
- b) Por non respectar as normas establecidas nestes Estatutos en materia de incompatibilidades.
- c) Pola utilización en beneficio propio da asociación, dos seus bens ou das súas actividades.

Calquera socio/a que teña constancia dalgún dos feitos enumerados poderá presentar denuncia perante a comisión coordinadora correspondente. Esta daralle audiencia ao/á afectado/a, e se a seu xuízo houberse motivo abondo resolverá o asunto. Contra esta decisión poderá o/a afectado/a presentar reclamación perante a comisión de garantías.

Se esta Comisión ratifícase a decisión da comisión coordinadora o/a interesado/a poderá presentar unha última reclamación que terá que resolver unha Asemblea convocada para tal efecto.

Artigo 42. Renovación obrigatoria dos cargos

Deberase proceder obrigatoriamente á renovación dos cargos ao finalizar o período de dous (2) anos para o que foron elixidos.

Porén, haberá de convocarse asemblea xeral extraordinaria para a renovación completa da comisión permanente, ou asemblea comarcal extraordinaria para a renovación completa da comisión coordinadora comarcal, nos seguintes supostos:

- a) Cando se produza a vacante permanente e definitiva, polo motivo que for, de simultaneamente dous dos seguintes cargos: coordinador/a, secretaria e tesouraría.
- b) Cando se produza a demisión de máis da metade dos membros que compoñen a comisión coordinadora ou a comisión permanente.
- c) Tras a perda dunha cuestión de confianza.

Artigo 43. As mocións de censura

As mocións de censura afectarán o conxunto da comisión permanente. Para presentar unha moción de censura cumprirá:

- a) O apoio dun 20% dos/as socios/as con dereito a voto.
- b) A presentación dunha candidatura alternativa completa á comisión permanente.

Unha vez presentada a moción de censura perante a comisión permanente ou perante a comisión coordinadora xeral, convocarase asemblea xeral extraordinaria, que se celebrará no prazo máximo de trinta (30) días

A moción de censura considerarase exitosa no caso de obter a candidatura alternativa a maioría absoluta dos votos dos/as participantes na asemblea xeral extraordinaria.

Artigo 44. As cuestións de confianza

A Comisión Permanente poderá decidir presentar unha cuestión de confianza.

A cuestión de confianza debaterase en asemblea xeral extraordinaria e considerarase exitosa no caso de obter a comisión permanente o apoio da maioría simple dos/as participantes na asemblea.

No caso de perder a comisión permanente a cuestión de confianza, procederase a celebrar unha asemblea xeral extraordinaria no prazo máximo de sesenta (60) días, na que se escollerá nova comisión permanente.

Artigo 45. Disposicións comúns ás mocións de censura e ás cuestións de confianza

Non se poderá presentar máis dunha moción de censura ou cuestión de confianza por período interasamblear.

O procedemento para a presentación e celebración de mocións de censura ou cuestións de confianza será o mesmo para os núcleos comarcais.

TÍTULO III: DA ESTRUTURA DA ASOCIACIÓN

CAPÍTULO I: DOS NÚCLEOS COMARCAIS.

Artigo 46. Requirimentos e iniciativa para constituír un núcleo comarcal

Verdegaia está facultada para constituír núcleos comarcais en territorio galego, sempre que haxa un mínimo de seis (6) persoas asociadas. A constitución dun núcleo comarcal poderá facerse por iniciativa da comisión coordinadora xeral ou polos/as asociados/as do ámbito afectado.

Artigo 47. Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico dos núcleos comarcais de Verdegaia determinarao a Comisión coordinadora xeral, a proposta das asembleas dos núcleos comarcais e terá que ser ratificado pola asemblea xeral. O ámbito xeográfico dos núcleos comarcais será, de forma flexíbel, calquera das bisbarras definidas no Mapa Comarcal de Galiza. Os núcleos comarcais poderán abranxer máis dunha bisbarra da súa contorna.

Artigo 48. Adscrición de socios/as

Os/as socios/as serán adscritos/as no momento de se daren de alta ao núcleo comarcal que, de estar constituído, corresponda co seu enderezo, agás no caso en que manifesten de forma expresa o seu desexo de seren adscritos/as a outro núcleo comarcal. Esta posibilidade deberá comunicarse na mensaxe de benvida que se lles enviará aos/ás novos/as socios/as.

No caso de non teren enderezo dentro do ámbito territorial dos núcleos comarcais constituídos, e de non manifestaren de forma expresa o seu desexo de adscribirse a algún dos núcleos comarcais existentes, non se adscribirán a ningún núcleo.

Artigo 49. Asemblea constitutiva

Para constituír un núcleo comarcal, a comisión coordinadora xeral convocará, cun mínimo de quince (15) días de antelación, unha asemblea comarcal de todos/as os/as socios/as da bisbarra ou bisbarras afectadas, para elixir unha comisión coordinadora comarcal, que deberá estar constituída como mínimo polo/a coordinador/a comarcal, secretaría comarcal e tesouraría comarcal. Poderán elixirse tamén os cargos de vicecoordinador/a comarcal, vicesecretaría comarcal e/ou responsábeis de área comarcais.

A orde do día da asemblea para a constitución dun novo núcleo comarcal incluírá como mínimo os seguintes puntos:

- a) Proposta de constitución do núcleo comarcal, con indicación do ámbito territorial que propón abranxer.
- b) Votación da proposta de constitución do núcleo comarcal.
- c) Presentación, se é o caso, de candidaturas e elección da comisión coordinadora comarcal.
- d) Definición, se procede, das liñas xerais de traballo do núcleo comarcal.

Poderá convidarse á asemblea de constitución dun núcleo comarcal a persoas interesadas que non sexan socios/as, con voz pero sen voto.

Artigo 50. Acta de constitución e comunicación

De todos os acordos e nomeamentos que acontezan na asemblea de constitución, incluíndo o nome de todas as persoas asistentes, redactarase unha acta que será enviada no prazo máximo de 15 días á comisión coordinadora xeral.

No prazo máximo de 15 días a contar desde o día seguinte á recepción da acta de constitución dun núcleo comarcal, o/a secretario/a xeral informará deste feito a todos/as os/as asociados/as a través dunha comunicación, na que se indicarán a composición da comisión coordinadora comarcal, os datos para contactar con ela e as liñas de traballo previstas.

Artigo 51. Normas xerais de funcionamento

Sen prexuízo do que se poida dispor noutros artigos destes Estatutos:

- a) Os núcleos comarcais levarán os seus propios libros de actas.
- b) Os acordos adoptaranse de conformidade co establecido para o efecto nestes Estatutos.
- c) Os cargos terán semellante duración á dos seus homólogos a nivel galego, pero non terán que cadrar necesariamente as eleccións dos núcleos comarcais coas correspondentes á comisión coordinadora xeral.

Artigo 52. Recursos económicos

Para sufragaren os seus gastos, os núcleos comarcais disporán da metade da cota dos/as socios/as que teñan asignados/as. Estes ingresos seranlle transferidos anualmente á conta bancaria do núcleo comarcal pola tesouraría xeral.

Os núcleos comarcais renderán contas dos seus orzamentos tanto nas súas respectivas asembleas comarcais como na xeral.

Artigo 53. Disolución

Os núcleos comarcais poderán disolverse cando:

- a) así o aproben 2/3 dos/as asociados/as en asemblea comarcal extraordinaria. Previamente á convocatoria desa asemblea para a posíbel disolución do núcleo comarcal, a comisión coordinadora comarcal informará a comisión coordinadora xeral da convocatoria da asemblea. No prazo máximo dun mes, contado a partir do seguinte día da celebración da asemblea comarcal extraordinaria, o/a secretario/a comarcal enviaralle á comisión coordinadora xeral a acta da asemblea.
- b) así o decida a comisión coordinadora xeral, cando o estime conveniente, despois de non ter constancia do balanço anual de actividades e económico do núcleo comarcal durante dous anos consecutivos, ou tras comprobar que o núcleo comarcal incumpriu gravemente os Estatutos. A decisión da comisión coordinadora xeral non será efectiva mentres non sexa ratificada pola asemblea xeral. Ademais, previamente á comunicación de convocatoria da asemblea xeral, deberán comunicárselles a todos/as os/as socios/as do núcleo comarcal os motivos polos que a comisión coordinadora xeral decidiu disolver o núcleo.

Artigo 54. Obrigas derivadas da disolución

En ambos os casos, o/a coordinador/a e o/a tesoureiro/a do núcleo comarcal disolto ordenarán a transferencia dos fondos que houbese na conta do núcleo comarcal á conta xeral de Verdegaiá, e

cancelarana ao que efectúen a operación. Todo o material do que dispoña (arquivos, material bibliográfico, mobiliario, etc.) entregaránselle á comisión coordinadora xeral. Os/as socios/as adscritos/a ao núcleo comarcal disolto poderán adscribirse a outro núcleo comarcal activo se o solicitan de forma expresa ou se non ficarán como non adscritos a un núcleo comarcal.

Artigo 55. Resolución de problemas de funcionamento de ou entre núcleos

Calquera dúbida relativa ao funcionamento dos núcleos comarcais resolveraa a comisión coordinadora xeral, así como cantos problemas se poidan derivar da interpretación dos presentes Estatutos, das competencias dos núcleos comarcais, do seu ámbito xeográfico e das súas facultades.

CAPÍTULO II. DOS NÚCLEOS LOCAIS

Artigo 56. Constitución, funcións e responsábeis dos núcleos Locais

Dentro dos núcleos comarcais poderán constituírse núcleos locais, no ámbito dun concello, sempre e cando a capital municipal diste máis de 15 km da localidade onde estea a sede do núcleo comarcal e haxa un mínimo de 6 socios/as no concello.

A creación do núcleo local será decidida pola asemblea xeral comarcal. Ésta designará un/unha responsábel do núcleo local a proposta dos socios/as que formen parte do núcleo e asignaralle unha parte dos fondos do seu orzamento anual. O/a responsábel do núcleo local coordinará os activistas do núcleo. Formará parte da comisión coordinadora comarcal e será renovado xunto co resto da comisión.

CAPÍTULO III. DOS/DAS REPRESENTANTES LOCAIS

Artigo 57. Nomeamento e competencias

Naqueles concellos que non estean dentro do ámbito dun núcleo comarcal, a comisión coordinadora xeral poderá designar un/ha representante local, que deberá ser socio/a da asociación. Só poderá actuar como representante da asociación naqueles casos en que sexa expresamente autorizado/a pola comisión coordinadora xeral.

TÍTULO IV: DOS/AS ASOCIADOS/AS

CAPÍTULO I. DA ALTA

Artigo 58. Requirimentos e solicitude

Pode ser socio/a de Verdegaia calquera persoa física con capacidade de obrar que o desexe e o solicite por escrito, declarando a súa identidade. Os menores de 18 e maiores de 14 non emancipados precisarán de consentimento dos seus representantes legais .

Artigo 59. Aprobación e ratificación

Regularmente a comisión permanente procederá a aprobar as solicitudes de socios/as que foran formalizadas con anterioridade á data de convocatoria da reunión, e poderá denegárselle a condición de socio/a a calquera persoa que na súa actuación vulnere os principios sustentados por Verdegaia.

Como primeiro punto da orde do día, en todas as asembleas ordinarias ratificarase ou non a condición de socios/as de todas as persoas que o teñan solicitado con anterioridade á data de convocatoria da asemblea, así como as denegacións decididas en comisión coordinadora xeral. Para tal fin na xuntanza da comisión coordinadora xeral na que se convoque a asemblea estableceranse as listaxes de socios/as numerarios/as e de novos/as solicitantes que debe ratificar a asemblea. Estas listaxes estarán ao dispor de todos/as os/as asociados/as na sede principal da asociación se ben deberán atermos á lexislación vixente en materia de protección de datos.

CAPÍTULO II. DOS SEUS DEREITOS E DEBERES

Artigo 60. Dereitos dos/as asociados/as

Alén dos recollidos ao longo do articulado destes Estatutos así como no resto da lexislación vixente, os/as socios/as terán os dereitos que se recollen neste capítulo.

Artigo 61. Dereito de información

Os/as socios/as poderán consultar a lista de afiliados/as, o estado financeiro da asociación, a relación de actividades realizadas, o inventario de bens ou as actas cando así o requiran nunha asemblea ou cando o soliciten por escrito de forma expresa. En todo caso, dita información facilitarase nos termos previstos pola Lei de protección de datos vixente.

Alén diso, teñen dereito a ser informados da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 62. Dereito de participación

A participación dos/as socios/as consiste no seu dereito de asistencia ás actividades da asociación, ás asembleas, con expresión do seu voto, agás cando non dispuxesen deste dereito, e a denunciar cuestións relacionadas co funcionamento interno da asociación.

Artigo 63. Dereito de elección e elixibilidade

Os/as socios/as son electores/as, agás polo establecido no artigo 37. Só os maiores de idade serán elixíbeis para cargos da asociación sen perxuízo do réxime de incompatibilidades fixado nestes Estatutos.

Artigo 64. Dereitos de impugnación de acordos e de denuncia de incumprimento de Estatutos

Calquera socio/a ten dereito a impugnar acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei e aos Estatutos. Asístelle tamén o dereito e o deber de denunciar perante as comisións coordinadoras o incumprimento destes estatutos por parte de calquera socio ou cargo directivo. No caso de cargos directivos elixidos en asemblea poderá facerse diante da asemblea xeral.

Artigo 65. Deberes dos/as socios/as

Sen prexuízo de calquera outro establecido na lexislación vixente e nestes Estatutos, son deberes dos/as asociados/as:

- a) Cumprir estes Estatutos e os acordos válidos das asembleas, das comisións coordinadoras e da comisión permanente
- b) Aboar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Realizar, no seu caso, as obrigas derivadas do cargo que ocupen.
- e) Contribuír co seu comportamento ao bo nome e prestixio da asociación.

CAPÍTULO III. DA BAIXA

Artigo 66. Baixa voluntaria

Calquera socio/a poderá solicitar a baixa voluntaria por escrito diante dos órganos pertinentes.

Artigo 67. Baixa por expediente sancionador

Cando calquera asociado/a incumpra gravemente a letra e o espírito destes Estatutos ou lle produza graves prexuízos á asociación ou a calquera dos/as socios/as, incoaráselle un expediente sancionador con dereito a audiencia. A comisión coordinadora xeral decidirá a perda da condición de socio/a se o aproban dous terzos (2/3) dos/as membros/as presentes. Contra esta decisión poderá o/a afectado/a presentar reclamación perante a comisión de garantías.

Se esta comisión ratifícase a decisión da comisión coordinadora, o/a interesado/a poderá presentar unha última reclamación que terá que resolver a asemblea xeral. Con tal fin na orde do día da asemblea incluíranse nun punto específico todas as reclamacións que se presentasen con anterioridade á súa convocatoria para que os/as asociados/as ratifiquen ou non a resolución de expulsión. Para esta decisión esixírase o voto da maioría absoluta dos participantes con dereito a voto.

Artigo 68. Baixa por impagamento de cotas

Os/as socios/as que durante dous anos consecutivos non paguen a cota de afiliación serán dados de baixa logo de avisalos por escrito.

TÍTULO V: DA COMISIÓN DE GARANTÍAS

Artigo 69. Funcións

A comisión de garantías constitúese como máximo órgano de defensa dos dereitos dos/as socios/as e dos núcleos comarcais. Actuará a pedimento do/a/s interesado/a/s ou dos órganos de goberno nos seguintes casos:

- a) Denuncias de calquera socio/a baseadas nunha grave violación dalgún dos seus dereitos, incluídas as reclamacións contra o rexeitamento dunha candidatura para acceder a un cargo da asociación.
- b) Reclamacións contra a decisión dunha comisión coordinadora de remover algún cargo.
- c) Reclamacións contra os expedientes de expulsión resoltos pola comisión coordinadora xeral.
- d) Reclamacións contra as interpretacións destes Estatutos que se consideren abusivas e discriminatorias que faga a comisión coordinadora xeral.
- e) Reclamacións contra a decisións da comisión coordinadora xeral dos problemas de funcionamento de ou entre núcleos a que se refire o artigo 56.

No seo deste órgano todas estas decisións tomaranse por maioría absoluta.

Artigo 70. Elección, incompatibilidades, duración

Formarán parte desta comisión cinco (5) membros e dous (2) suplentes, elixidos en asemblea xeral. O seu mandato será de tres (3) anos. Só poderán cesar en asemblea xeral.

Estarán sometidos ao mesmo réxime de incompatibilidades cós cargos das comisións coordinadoras, e este posto será incompatíbel ademais co desempeño de calquera outro cargo dentro da asociación.

TÍTULO VI: DO PATRIMONIO SOCIAL E RECURSOS ECONÓMICOS

Artigo 71. Patrimonio

O patrimonio fundacional da asociación valórase en cero (0) euros.

Artigo 72. Orixe dos ingresos

Os fondos que recadará a asociación para levar a cabo os seus fins procederán:

- a) Das cotas anuais que estableza a asemblea xeral.
- b) De todo tipo de subvencións e doazóns materiais e económicas procedentes de entidades públicas, privadas ou persoas físicas.
- c) Das achegas que os/as socios/as, actuando en nome da asociación e participando en actos públicos ou privados remunerados promovidos por entidades distintas á asociación, farán na conta xeral da asociación. Estas achegas serán dun mínimo do 15% do recibido.

Artigo 73. Limitación aos ingresos procedentes de doazóns

A colaboración con organizacións do sector empresarial, e a aceptación de doazóns por parte destas estará baseada no respecto á independencia e aos principios de Verdegaiá. As empresas coas que se estableza colaboración ou das que se acepten doazóns deberán:

- a) Respetar os dereitos humanos, así como os tratados e convencións internacionais sobre traballadores/as emigrantes e as súas familias, e os relativos á loita contra o racismo e a xenofobia.
- b) Cumprir coa lexislación laboral vixente en todos os países en que actúa, e cos Convenios da OIT de respecto aos Dereitos Laborais.
- c) Respetar o ambiente, cumprindo a lexislación vixente tanto no país de orixe como en calquera outro onde estean presentes, mantendo os mesmos estándares en calquera lugar no que actúen.
- d) Cumprir coa lexislación vixente en materia fiscal no seu país de orixe e en calquera outro onde leve a cabo actividades.
- e) Respetar a saúde pública tanto nos seus produtos como nos seus procesos de produción, cumprindo a lexislación vixente no país de orixe. Verdegaiá non se asociará con ningunha campaña publicitaria que potencie e promova o consumo de produtos daniños para a saúde como o tabaco ou o alcol destilado.

Artigo 74. Orzamento

O orzamento da asociación será o que determine a asemblea xeral a comezos de cada ano. A asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O exercizo económico coincidirá co ano natural. No primeiro trimestre de cada ano elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria a disposición dos asociados/as e que a asemblea xeral aprobará ou censurará.

Artigo 75. Titulares das contas xeral e comarcais

Para retirar os fondos das entidades bancarias onde a asociación os teña depositado, as sinaturas dos/as titulares das contas estarán recoñecidas por estas entidades para poder operar indistintamente. Só poderán ser titulares das contas o/a coordinador/a xeral e o/a tesoureiro/a. Todo isto aplicaráselle tamén ás contas propias dos núcleos comarcais.

Artigo 76. Prohibición de distribución de beneficios

Como entidade sen fin de lucro, en ningún caso poderán distribuírse entre os/as socios/as da asociación, incluídos os seus cónxuxes e parentes, os recursos obtidos pola mesma. Tampouco lles serán cedidos de forma gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

TÍTULO VII: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 77. Contido e elaboración

Cando se estime oportuno, crearase un regulamento de réxime interno, que non poderá ir contra o estipulado nos Estatutos. En calquera caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento vixente.

O devandito regulamento será elaborado e aprobado pola Comisión coordinadora xeral.

TÍTULO VIII: DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 78. Procedemento de modificación

Estes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Comisión coordinadora xeral ou dunha cuarta (1/4) parte dos/as socios/as.

Para a aprobación da reforma dos Estatutos será necesario o voto favorábel de dous terzos (2/3) dos/as socios/as presentes na asemblea xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

TÍTULO IX: DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 79. Procedemento de disolución

A disolución de Verdegaia só lle compete á asemblea xeral extraordinaria convocada para tal efecto. A disolución, que deberá estar claramente motivada, efectuarase se o aproban dous terzos (2/3) dos/as socios/as asistentes á asemblea.

Conforme o decidido nela, a comisión coordinadora xeral adoptará as medidas precisas para levar a efecto a disolución.

Artigo 80. Liquidación de contas

Acordada a disolución, a asemblea xeral extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores/as, que xunto co/a coordinador/a xeral e o/a Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, o pagamento de débedas, o cobro de créditos e o fixamento do haber líquido resultante.

Artigo 81. Transferencia de fondos

Os fondos que constitúan o haber líquido resultante seranlles transferidos a outras entidades que persigan similares ou idénticos fins ou, no seu defecto, a institucións ou centros de ensino de carácter público, logo de obter a necesaria autorización legal. O xustificante da doazón será presentado no rexistro de asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA

Calquera dúbida de interpretación destes Estatutos será competencia da Comisión coordinadora xeral, sen prexuízo de que a poida elevar á asemblea xeral nos casos en que o considere oportuno.

SEGUNDA

Sen prexuízo da distribución de competencias establecida nestes Estatutos, toda referencia que a lexislación vixente faga á xunta directiva ou ao presidente entenderase referida no tocante á Verdegaiá á comisión coordinadora xeral e ao/á coordinador/a xeral, respectivamente.